

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 10 DE MARZO DO 2008.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dez de marzo de dous mil oito; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez, Don Francisco Xabier Carreira Sebio, e Dona Manuela Iglesias Collarte.

Está presente o Secretario do Concello, Don Jacobo Barreiro Pimentel, estando tamén presente o Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 3 de Marzo do dous mil oito (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

TROCO DE VEHICULO DE AUTOTAXI

“Visto o escrito de **Don Manuel Carral Arias**, con domicilio na Gandarela 4, desta Vila, no que prega o troco do vehículo matrícula 4380 DCF, adscrito á licenza de autotaxi nº 3, por outro novo (citroen xsara picasso), matrícula 6515 GBP a Xunta de Goberno Local, tendo en conta que neste Concello non hai modelo homologado desta clase de vehículos, accede ó cambio interesado, polo cal, a partir de agora, a licenza nº3 de autotaxi, desenvolverase co vehículo matrícula 6515 GBP, causando baixa a tódolos efectos, o vehículo matrícula 4380 DCF; polo interesado deberán cumprirse tódalas disposicións contidas nos Regulamentos Nacionais e Municipais e mesmo comprometerse a desenvolver-lo traballo da praza de taxi de xeito persoal”.

ACOMETIDAS DE AUGA.-

USO DOMESTICO.

“Visto o escrito presentado por Don Benito Alvarez Villanueva, con domicilio na Barouta , Sampaio, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para un inmovible sito na Estrada de Castrelo, nº-8, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

“Visto o escrito presentado por Don Julio Estévez Fidalgo, con domicilio na rua Ribeiro, 68-4º-B, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Visto o escrito presentado por Don Luis Crespo García , con domicilio en Valdepereira, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Visto o escrito presentado por Dona Rosa María Soto Míguez , con domicilio na rua Loureiros , nº 20 no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

USO DE OBRA.

Visto o escrito presentado por Construcciones Porlan S.L. , con domicilio Carretera de Salceda pk 1 Atios (Porriño-Pontevedra)no que prega se lle autorice a correspondente

acometida de auga para unha parcela sita no Polígono Industrial (san Cristóbal), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso De obra, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

- Escrito remitido polo Servizo Municipal de Arqueoloxía, polo que se comunica o inicio dos traballos de “Sondaxe arqueolóxica no solar nº8 da rúa Fornos, Ribadavia,” con data 5 de marzo de 2008.
- Escrito remitido pola Mancomunidade do Ribeiro, polo que se pon en coñecemento deste Concello a Relación de R.S.U. depositados na Mancomunidade do Ribeiro polo Concello de Ribadavia durante o mes de Febreiro de 2008.
- Escrito remitido pola asociación xuvenil “Berán sempre en nós”, polo que solicita a toma en consideración polo Pleno , do compromiso no estudo e promoción do camiño Xacobeo do Ribeiro.
- Escrito remitido polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso Administrativo, polo que se remite a este Concello testimonio literal da Sentencia recaída no recurso Contencioso Administrativo Procedimiento Ordinario 0004931/2002.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACION DE CONVENIO.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribadavia e as Empresas: Nauta Sportwear, JoseLuis Deportes e Piri Sport, para fomentar e facilitar entre os usuarios das instalacións deportivas de Rivadavia a adquisición de produtos deportivos nas empresas anteriormente citadas .

SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aproba-la memoria denominada "Equipo de Traballo para servizo de información xeográfica”, ó obxecto de solicita-la correspondente subvención o abeiro da Orde do 19 de decembro de 2007, da Consellería de Traballo, pola que se establecen as bases que regulan para o ano 2008, as axudas e subvencións para o fomento de emprego a traves dos Programas de Cooperación, no ámbito

de colaboración coas entidades locais e cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO